

O Concello de Santiago participou activamente na demanda de transformación da Escola de Arte Mestre Mateo en Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo. Mesmo no ano 2002 foi aprobado no Pleno unha moción do BNG e do PSdG-PSOE para iniciar xestións en orde a que se puidesen impartir na Escola os Estudos Superiores de Deseño: gráfico, de produtos, de interiores e de moda. Valórase por tanto positivamente que estea prevista a impartición de dúas das modalidades de Estudos Superiores no próximo curso 2006-2007. Non obstante, cómpre tamén tomar en consideración o seguinte:

- ? O **Ciclo Formativo** Superior de Proxectos e Dirección de Obra de Decoración, que se viña impartindo na Escola, contaba cunha grande aceptación, tanto se se mide polo número de alumnos/as (o maior das Escolas galegas) como pola saída ao mercado laboral.
- ? Santiago carece de Escolas de Belas Artes e de Arquitectura, ten un perfil artístico e cultural recoñecido e, neste momento, ten en execución numerosos proxectos de edificios públicos e privados (vivendas en construción) que garanten posibilidades de saída laboral.
- ? Os **Estudios Superiores** de Deseño de Interiores poderían absorber o Ciclo Superior de Proxectos e Dirección de Obra de Decoración (non así os Estudos Superiores de Deseño de Produtos), anque hai Escolas fóra de Galicia nas que se ofertan ambos (Estudios Superiores e Ciclo Superior).

Por todo cal, os portavoces dos grupos municipais acordan:

**Dirixirse á Consellería de Educación en demanda de que non se suprima o Ciclo Superior de Proxectos e Dirección de Obra de Decoración, alomenos en tanto non se impartan na mesma Escola os Estudos Superiores de Deseño de Interiores.**

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2006

Francisco Candela Castrillo  
Portavoz do PsdeG-PSOE

Néstor Rego Candamil  
Portavoz do BNG

Ricardo García-Borregón Millán  
Portavoz do PP